

Texto e ilustracións: **CECILIA AFONSO ESTEVES**

Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 14,5x18 cm.

36 páxinas a toda cor. Dispoñible en:

-Galego: "Elas". ISBN 978-84-8464-728-7

-Castelán: "Las que llevan". ISBN 978-84-92608-24-9

Prezo: 10 €

ELAS

**MENCIÓN ESPECIAL II PREMIO INTERNACIONAL
COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO**

Isto é o que se conta delas.


Elas viven no fondo.

No fondo do bosque,

da montaña,

do deserto,

do río.



Este libro é un "canto ao feminino", tal e como o definiu o xurado do II Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, que o distinguiu cunha mención especial. Trátase dun texto poético e cheo de musicalidade, que se complementa cunha linguaxe plástica limpa, clara e suxerente, de ilustracións sereas e delicadas, con cores suaves; imaxes de gran valor simbólico.

Auga, Terra, Lume e Aire representan a esencia do noso mundo, danlle sentido e fan que todo funcione como unha cadea sen interrupción, por iso o seu obxectivo é xerar vida... "Elas" é unha proposta delicada, en forma de poema, que nos remite aos esenciais Catro Elementos e á presenza constante e telúrica delas, as mulleres.

CECILIA AFONSO (Buenos Aires, 1977)

Estudou gravado na Escola Nacional de Belas Artes Prilidiano Pueyrredón. Pertence ao colectivo arxentino Foro de Ilustradores. Tamén participou en varias exposicións e en 2008 foi seleccionada para a mostra da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Actualmente traballa como ilustradora para unha revista de xardinería e paisaxismo.

<http://arteilustracion.blogspot.com/>

- **Temática:** canto ao feminino
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos; adultos
- **Aspectos destacables:** mención especial do xurado do II Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado
- **Aplicacións:** poesía, filosofía; os catro elementos da antigüidade; libro de obsequio: Día da Muller Traballadora (8 de marzo), Día da Nai (primeiro domingo de maio); igualdade de xénero, co-educación

